



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A IMPARTICIÓN DUN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE (AFDP0209 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS) E OUTRAS ACCIÓNS FORMATIVAS (SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Emprego e Igualdade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Emprego e Igualdade, ten previsto formalizar coa Deputación da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a data da súa sinatura ata que finalice o período de execución das accións formativas reguladas no mesmo (30 de novembro de 2021). Cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto no prazo fixado, a Deputación de Coruña poderá solicitar unha ampliación do prazo debidamente xustificada.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Deputación da Coruña, para recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través do Programa de Salvamento e Socorrismo Acuático asociada aos certificados de profesionalidade, para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia. A formación impartida ao abeiro deste convenio desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade correspondentes. Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán aos requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario e a normativa COVID-19.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que, co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a formación profesional para o emprego como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.

Estas accións formativas responden así ás necesidades locais xeradoras de emprego na provincia e resultan axeitadas aos requirimentos de quen oferta emprego na provincia, e están apoiadas tamén pola deputación da Coruña a través da convocatoria anual do programa de apoio aos concellos do interior da provincia, de menos de 50.000 habitantes, no mantemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, para as piscinas municipais e praias fluviais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.





E para que conste, asínase no lugar do encabezado e na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Formación e Colocación

Zeltia Lado Lago

